



## NORMATIVA

### Campionato Galego de Remo Indoor Ferrol, 21 de Xaneiro de 2018 (Domingo)

#### LUGAR:

A celebrar no Pavillón Municipal de Deportes de A Malata en Ferrol (A Coruña).

#### ORGANIZAN:

Federación Galega de Remo, Club Remo San Felipe e Concello de Ferrol.

#### MODALIDADE, CATEGORÍA E DISTANCIA:

A competición disputarase en diferentes distancias segundo a categoría; en tódalas categorías e modalidades existirá competición masculina e feminina; á marxe da competición individual celebrarase unha por equipos en relevos.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	PROBA INDIVIDUAL	EQUIPOS EN RELEVOS
Alevín	2006 e posterior	500 m	500 m
Infantil	2004 e 2005	1000 m	1000 m
Cadete	2002 e 2003	1500 m	1500 m
Xuvenil	2000 e 2001	2000 m	2000 m
Senior	1999 e anterior	2000 m	2000 m
Veterano	1988 e anterior	1000 m	-
Adaptado		1000 m	-
Adap. Psíquico		1000 m	-

#### REGULAMENTO BÁSICO DE COMPETICIÓN

- O número de remeiros/as e equipos por categoría e club é libre.
- A posición da palanca-freno do Remoergómetro (Drag Factor) é libre para cada participante.
- Tanto na competición individual como na competición de relevos, só poderá estar unha persoa (adestrador/a) identificada co uniforme do seu Club (chándal, camiseta, etc.) axudando a cada remeiro ou equipo.
- Os/As remeiros/as estarán uniformados coa vestimenta de competición propia do seu Club ou Sociedade Deportiva.
- Os/As Deportistas e Equipos só realizarán unha regata, establecéndose un ranking de clasificación cós resultados de tódalas series.
- A Organización poderá agrupar ós participantes en función do nivel que demostraran en probas anteriores segundo os datos facilitados polos seus Clubs, de forma que non existan grandes desigualdades na configuración das series.



- Para a competición de Equipos por relevos establécese que:
  - Os equipos estarán formados por 4 participantes.
  - A distancia a realizar en cada relevo é libre.
  - **Tódolos membros do equipo participarán no relevo e sempre na mesma orde.**
  - Para favorecer a participación de equipos, os remeiros/as de categoría Cadete ou Xuvenil poderán participar nunha categoría superior á súa.
  - O adestrador ou persoa acompañante, **NUNCA** poderá tocar o ergómetro durante a realización da proba.

### HORARIO:

As probas individuais realizaranse durante a mañá, e as probas por relevos serán pola tarde.

### INSCRICIÓN:

Cumprimentarase e *remitirase* a esta Federación *as Follas de Inscripción adxuntas a esta Normativa* antes das **21:00 horas** do día **16 de Xaneiro de 2018** (martes).

**NON ADMITÍNDOSE MÁIS INSCRICIÓN FÓRA DE PRAZO.**

**Non se aceptarán inscricións de deportistas que non teñan tramitado a súa correspondente licenza federativa** con, a lo menos, 10 días de antelación á realización do Campionato, é dicir, con antelación ó día 11 de xaneiro de 2018.

**Tódolos deportistas deberán estar perfectamente identificados tanto na inscrición como durante a súa participación no campionato portando o seu DNI.**

### REUNIÓN DE DELEGADOS:

Terá lugar no propio **Pavillón Municipal de Deportes de A Malata** ás **09:30 horas**.

Prégase a asistencia dun só representante-delegado por Club. Informarase sobre o horario e a composición das series, así como do desenrolo do Campionato. Nesta reunión informarase sobre as baixas de participantes, se as houbera; non admitíndose en ningún caso a incorporación de novos participantes.

**Unha vez finalizada a reunión de Delegados, comezarán as probas individuais ás 10:00 horas. O comezo das probas por equipos estímase para as 16:00 horas, dependendo este horario do número de equipos inscritos.**

### TROFEOS:

Daranse medallas de cor de ouro, prata e bronce ós tres primeiros clasificados en cada categoría.

A Coruña, 2 de xaneiro de 2018



**TÁBOA DE HANDICAPS PARA VETERANOS SEGUNDO A IDADE**

<b>CATEGORÍA</b>	<b>A</b>	<b>B</b>	<b>C</b>	<b>D</b>	<b>E</b>	<b>F</b>	<b>G</b>	<b>H</b>	<b>I</b>
<b>A (30-35 ANOS)</b>	0"	2"	7"	13"	20"	28"	37"	47"	58"
<b>B (36-42 ANOS)</b>	2"	0"	5"	11"	18"	26"	35"	45"	56"
<b>C (43-49 ANOS)</b>	7"	5"	0"	7"	14"	21"	30"	40"	51"
<b>D (50-54 ANOS)</b>	13"	11"	7"	0"	7"	15"	24"	35"	45"
<b>E (55-59 ANOS)</b>	20"	18"	14"	7"	0"	8"	17"	27"	38"
<b>F (60-64 ANOS)</b>	28"	26"	21"	15"	8"	0"	9"	19"	30"
<b>G (65-70 ANOS)</b>	37"	35"	30"	24"	17"	9"	0"	10"	21"
<b>H (71-74 ANOS)</b>	47"	45"	40"	35"	27"	19"	10"	0"	11"
<b>I (75-... ANOS)</b>	58"	56"	51"	45"	38"	30"	21"	11"	0"